

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación

á lectura estratexias de animación á lectura estratexias

de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



MORTE DESDE SEIS VINTE E CINCO

Obxectivos

- Motivar para a lectura.
 - Aumentar as súas capacidades para a expresión oral, escrita, plástica e dramática.
 - Fomentar o deporte e educar para a saúde.
 - Motivar os alumnos para investigar en libros, cancións, obras de arte etc., que aparezan citados, e completar a composición contextual dunha novela.
-
- Fomentar nos alumnos as súas capacidades para a busca, a organización e a presentación dunha información determinada.
 - Fomentar a empatía e a escoita activa.
 - Promover a capacidade introspectiva dos alumnos e a reflexión sobre determinados procesos internos.
 - Promover o pensamento crítico e a capacidade de análise dos problemas presentes na nosa sociedade.
 - Fomentar a implicación persoal á hora de resolver problemas sociais.
 - Aumentar os coñecementos dos alumnos en temas transversais como: baloncesto, arquitectura modernista, pintura de Modigliani...



Orientacións

A meirande parte das actividades propostas están pensadas para seren realizadas de xeito procesual, en distintos momentos, polo que se deberá ter en conta no momento de fixar os prazos e os tempos para a consecución das distintas partes.

As propostas que implican unha reflexión posterior e un pequeno coloquio teñen como obxectivo sensibilizar os alumnos respecto da falacia maniqueísta e fomentar que amplíen a súa mirada e, ademais, que teñan unha concepción caleidoscópica da vida e das súas implicacións, polo que o profesor/a deberá fomentar a dúbida metódica e non as respostas polarizadas.

ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): **PESCUANDO... SEIS VINTE E CINCO**

Obxectivos

- Intrigar os alumnos e motivalos para a lectura do libro.
- Motivar para a investigación e a busca de información por distintas canles.
- Fomentar o pensamento creativo a través da chuvia de ideas.
- Fomentar a creación de hipóteses argumentais, como primeira toma de contacto cun libro.

Descrición

Para establecer a primeira toma de contacto co libro que van ler, antes de llelo mostrar aos alumnos, o profesor/a comunicaralles o críptico título, para que expresen hipóteses sobre o significado de seis vinte e cinco.

Todas as hipóteses serán anotadas nunha cartolina grande que colgarán na aula.

4

Orientacións

Sen ver a fotografía da portada é difícil que os alumnos asocien o título cunha posición do baloncesto, polo que é presumible que as súas hipóteses vaian por outros camiños. O profesor pode incrementar a intriga e mais a expectativa polo libro se, ao rematar a actividade, fai ver que ninguén acertou o significado do título e que terán que ver o libro para obter unha pista clara.

No caso de que algún alumno adiviñase de que se trata realmente, o profesor aclarará que houbo algún acerto, pero non dirá quen acertou, para manter a intriga ata que o vexan.

ACTIVIDADE 2

(Antes da lectura): **O BALONCESTO**

Obxectivos

- Igualar os coñecementos dos alumnos en canto ás normas, ás posicións e ás regras do baloncesto.
- Aumentar as súas habilidades para a busca, a organización e a presentación dunha información determinada.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Promover a división de tarefas para realizar un labor en común.

Descrición

Esta sinxela proposta servirá para que os alumnos descubran, despois de ver a portada e sabendo xa que seis vinte e cinco ten algo que ver co baloncesto (só con ver a portada non se deduce directamente, pero é presumible que, se non antes, despois de a ver, o infiran), a que fai referencia exactamente.

Para iso, darase un prazo de tempo no cal, individualmente, descubrirán as regras do xogo do baloncesto, as posicións e todo o relativo á práctica deste deporte.

O día asignado poñerán en común a información recadada e plasmarana, entre todos, nun mural que presidirá a clase durante a lectura do libro.

Orientacións

Mediante esta proposta, os alumnos, ademais de coñecer o significado exacto do título, igualarán os seus coñecementos de baloncesto, o que lles facilitará a comprensión e o gozo das primeiras páxinas do libro, no que se describen, con todo detalle, os trinta últimos segundos dun partido.

Quizais algún alumno/a sexa afeccionado ou practique este deporte; nese caso, no canto de propoñer un traballo de investigación individual, podería ser interesante que o propio alumno/a lle explicase as normas, as regras, as posicións etc. de xeito oral ao resto da clase.

ACTIVIDADE 3

(Antes da lectura): **DIARIO**

Obxectivos

- Fomentar a escoita activa por parte dos alumnos.
- Aumentar as súas capacidades para a análise de textos expostos oralmente.
- Fomentar o pensamento creativo e a plasticidade á hora de expoñer hipóteses sobre un tema dado.
- Fomentar a imaxinación e a fantasía.
- Aumentar as súas capacidades para a argumentación fundamentada en información obxectiva e contrastable.

Descrición

A proposta consiste en lerlles aos alumnos o texto das páxinas 87 e 88, que conforman o primeiro fragmento do diario que está a escribir o asasino ao longo da novela, para que, despois de as escoitar e de as interpretar, poidan propoñer hipóteses argumentais sobre quen é ese personaxe, en que traballa e que implicacións terá no contido da novela.

En gran grupo escoitarán o texto e, despois de tomar uns momentos para encadrar o seu argumento, compartiranlo co resto da clase e buscarán claves no texto que apoien as súas hipóteses.

Orientacións

Para que aos alumnos lles resulte máis fácil basear as súas hipóteses nas frases do texto escoitado, sería recomendable que o profesor lles pase unha copia destas dúas páxinas.

Ademais, se dispoñen do texto, poden afondar un pouco máis na psicoloxía e no estilo de vida do personaxe e analizar e comentar, nun grupo grande, as opinións que emite respecto dos horarios e dos calendarios, sobre a emoción de vivir no gume da navalla no canto de ter un traballo rutineiro, sobre o azar, a necesidade de ser precisos etc.

ACTIVIDADE 4

(Durante a lectura): **RETRANSMISIÓN**

Obxectivos

- Familiarizar os alumnos co estilo periodístico e coa retransmisión dun evento deportivo.
- Fomentar a axilidade mental.
- Fomentar a velocidade verbal.
- Motivar para a improvisación.
- Aumentar a súa creatividade e a súa fantasía á hora de propoñer accións e á hora de retransmitilas.
- Aumentar as súas capacidades para a observación e a descrición oral do observado.
- Fomentar a empatía.
- Aumentar as súas capacidades para a comprensión da linguaxe non-verbal.

Descrición

7

Desde a páxina nove ata a dezasete, o narrador omnisciente describe as emocións, os pensamentos e os movementos de Ray Barbosa, durante os últimos trinta segundos de partido. Isto podería considerarse unha forma de retransmisión escrita, no canto de radiofónica, do partido.

A proposta é que os alumnos practiquen esta forma de descrición intensa e apaixonada, e que a extrapolen a outros ámbitos fóra do estritamente deportivo.

Para iso, o profesor/a (pode traballar coa axuda do especialista de educación física) mostraralles aos alumnos un fragmento dun partido de baloncesto, retransmitido, para que se vaian familiarizando co estilo da crónica deportiva.

Posteriormente, poden ir saíndo voluntarios para, co volume silenciado, ir retransmitindo, segundo o seu criterio e segundo o escoitado previamente, outros fragmentos de partido.

Pero a actividade consistirá en que un voluntario/a faga unha acción da súa elección, mentres outro voluntario/a vai retransmitindo os seus movementos e interpretando os seus pensamentos e as súas emocións, tal e como fai o narrador omnisciente nestas primeiras páxinas da novela que están a ler.



Orientacións

A realización desta actividade axudaralles a se familiarizar coa crónica deportiva e co estilo periodístico, ademais de aguzar a súa capacidade de observación, de improvisación, de interpretación e de axilidade na expresión oral.

Por estes compoñentes de rapidez e de improvisación, pode resultar unha actividade moi divertida, así como polo feito de retransmitir accións non-deportivas que realicen, a propósito, os compañeiros.

ACTIVIDADE 5

(Durante a lectura): **DE CAMUFLAXE... TRAS O DEPORTE**

Obxectivos

- Sensibilizar os alumnos respecto do problema social da violencia.
- Aumentar as súas habilidades para a busca de noticias sobre un tema determinado.
- Aumentar as súas capacidades para a análise de noticias e de artigos periodísticos.
- Fomentar a toma de conciencia respecto da importancia de participar nos problemas da sociedade á que pertencemos.
- Fomentar a capacidade para a introspección ao redor da súa postura respecto dun problema social.
- Aumentar a capacidade de análise minuciosa dunha realidade social determinada.
- Motivar a expresión oral nun grupo grande.
- Motivar a escoita activa.
- Motivar o traballo en grupo á hora da resolución de problemas.

9

Descrición

Ao longo dos capítulos 2, 5 e 7, Jordi Cervera recrea situacións de agresión e violencia, encarnadas nun grupo de mozos *skins*, que utilizan a súa afección polo Joventut de Badalona como escusa para seren violentos.

Desgraciadamente, o autor non describiu unha situación de ficción, senón que reflectiu rigorosamente un problema social que nos afecta a todos: grupos de mozos violentos que se agochan detrás das cores dun equipo deportivo para practicar a intimidación e a violencia nos estadios e máis alá deles.

A proposta consiste en que, durante un prazo predeterminado, os alumnos recompilarán noticias de periódicos e revistas, nas que se denunciaren casos de violencia de grupos máis ou menos organizados.

O día marcado poñerán todas as noticias en común e, en grupos de catro, lerán, comentarán e analizarán os artigos que lles correspondesen.

Posteriormente, realizarase un debate, nun grupo grande, para tirar conclusións sobre este problema social, respecto da súa etioloxía, elementos favorecedores, medidas pre-



ventivas e/ou represivas, as consecuencias para as vítimas, para os agresores, para o deporte, posibles solucións etc.

Orientacións

A intervención do profesor/a será moi necesaria nos distintos momentos do proceso desta proposta; nun primeiro momento para lles axudar aos grupos de alumnos a organizar, clasificar e realizar comentarios sobre os textos periodísticos e, nun segundo momento, para orientar o debate cara á toma de conciencia dos alumnos sobre o problema da violencia no deporte, así como a súa implicación persoal e a súa responsabilidade á hora de buscar solucións.

Se se considera oportuno, no momento da análise das noticias dos xornais e das revistas, pódese incluír un pequeno comentario de textos xornalísticos, así como unha reflexión respecto da rigorosidade, do sensacionalismo etc. das noticias a partir do seu estilo expositivo.

ACTIVIDADE 6

(Durante a lectura): **A ENTREVISTA**

Obxectivos

- Motivar a curiosidade e o desexo de coñecer en profundidade os personaxes que lles resulten interesantes.
- Fomentar a empatía.
- Familiarizar os alumnos co estilo periodístico da entrevista.
- Motivar a creatividade e a fantasía, a partir dunha información obxectiva, relativa ao personaxe elixido.
- Aumentar as capacidades dos alumnos en canto á recollida, á organización e á presentación da información.
- Fomentar as habilidades dos alumnos no xogo de roles e na dramatización.

Descrición

11

Ao longo do capítulo 3, tras a vitoria do Joventut de Badalona, Ray Barbosa, protagonista indiscutible do partido, é asediado por unha multitude de xornalistas que lle fan preguntas e fotografías.

Máis adiante, no capítulo 33, repítese esta situación de entrevista pero, desta volta, coa moza e estudante de policía, Carla, e nun contexto musical.

A proposta consiste en practicar o xénero da entrevista. Para iso, os alumnos dividiranse en parellas e escollerán un personaxe real ou de ficción que lles gustaría entrevistar. Así que o escollan, elaborarán as preguntas pertinentes e inventarán as respostas.

Á hora da posta en común das entrevistas, o profesor/a pode facilitar tres opcións: a realización da entrevista por escrito, en formato de revista ou xornal, nese caso poden maquetala e incluír algunha fotografía do personaxe; en formato radiofónico, deste xeito, os membros da parella repartirán os roles de entrevistador/entrevistado e gravarán as preguntas e as respostas que elaboraron e que despois reproducirán na aula; ou en formato directo, e así, despois de seren asignados os roles que lles correspondesen por elección ou ao chou, representarán, perante toda a clase, a situación de entrevista.



Orientacións

Se o profesor/a o considera axeitado e os alumnos están motivados, pode incluír, a xeito de rolda de prensa, a posibilidade de que o resto dos alumnos lle realice as súas propias preguntas ao personaxe. No formato escrito e no radiofónico, os membros da parella terán que improvisar as respostas; no formato en directo, o alumno/a que estea desenvolvendo o rol de personaxe será o que as improvise.

Posteriormente, os alumnos poden comentar, nun grupo grande, as diferenzas entre os tres formatos (no caso de que os tres estivesen presentes durante a actividade), así como as súas vivencias á hora de asumir os roles de entrevistadores e/ou de entrevistados, e facelo extensible, mediante un exercicio de empatía, ás vivencias dos personaxes famosos sometidos continuamente á mirada da sociedade.

ACTIVIDADE 7

(Durante a lectura): **A ARQUITECTURA MODERNISTA**

Obxectivos

- Aumentar as capacidades dos alumnos respecto da busca, da organización, da comprensión e da presentación, oral ou escrita, dunha información dada.
- Aumentar os coñecementos de arte dos alumnos, traballando desde a transversalidade.
- Fomentar o traballo en equipo e a división das tarefas á hora de realizar un proxecto en común.
- Fomentar as súas habilidades plásticas e de debuxo e circunscribirse a un estilo predeterminado.
- Aumentar a súa sensibilidade artística e o gozo coa arquitectura.

Descrición

13

A arquitectura modernista está presente en toda a novela. Primeiro, cando o autor describe a casa de Ray Barbosa, que conservou o estilo da fachada mesmo que a reformáse por dentro. Despois, cando o asasino visita o cemiterio de Arenys de Mar coa identidade de Jules Vigny. Imos recrear, durante a lectura do libro, un contexto así de excepcional.

Para iso, nun primeiro momento, os alumnos, individualmente, investigarán sobre este movemento cultural de principios do século pasado e, especialmente, nas súas claves arquitectónicas e nos seus máximos expoñentes, tales como Gaudí en Cataluña.

O día fixado poñerán en común toda a información e realizarán, nun grupo grande, un mural expositivo e ilustrado da arquitectura modernista.

Posteriormente, en grupos de catro, poden recrear, sobre o papel ou en tres dimensións, unha construción deseñada por eles que reflicta o estilo modernista e deixala exposta durante a lectura do libro.



Orientacións

Esta é unha proposta transversal que se pode ver enriquecida coa colaboración do profesor/a de historia da arte, así como do especialista de debuxo, posto que ten un momento de investigación e estudo do modernismo como movemento histórico e cultural, e outro momento de recreación dunha construción modernista.

Sería un remate excepcional o feito de poder organizar unha viaxe a Barcelona para coñecer o modernismo característico dalgúns barrios da cidade, así como as principais obras de Gaudí, se houbera algunha posibilidade de facela.

ACTIVIDADE 8

(Durante a lectura): **O MEU FETICHE**

Obxectivos

- Aumentar o vocabulario dos alumnos.
- Promover a capacidade dos alumnos para elaborar definicións adecuadas.
- Ampliar o concepto do fetichismo, as súas incidencias, as súas repercusións, os seus límites etc.
- Aumentar a autoconciencia dos alumnos respecto dos seus propios gustos e preferencias persoais.
- Fomentar a expresión oral nun grupo grande.
- Fomentar a expresión emocional nun grupo grande.
- Fomentar o pensamento indutivo.

Descrición

15

No capítulo 7 somos espectadores da violación de morada por parte do grupo de mozos *skins* na casa de Ray Barbosa, coa intención de se facer con algún recordo do seu ídolo deportivo.

Máis adiante, no capítulo 20, cando Carles Barrera informa con todo detalle a Joan Pons de cales foron todos os obxectos subtraídos da casa de Barbosa, nomean o concepto de fetichismo e todo o que un fetichista podería chegar a facer para satisfacer a súa necesidade de posuír o que desexa.

Incluso o gorila que ten tatuado Max, as trenzas coas cores dos Spurs e as arañas que son o símbolo dos *Black Spiders* pódense considerar fetiches.

A proposta é profundar un pouco neste concepto e aumentar a autoconciencia respecto desta cuestión no plano persoal.

Para iso, o profesor/a pedirá nun grupo grande, unha definición de fetichismo e de fetiche que poden elaborar entre todos a partir da lectura do capítulo 20 e, posteriormente, contrastar co dicionario.

O seguinte momento da proposta será tomar uns minutos para reflexionar sobre este concepto aplicado a un mesmo. Teño especial predilección por algunha clase de obxecto?



Colecciono ou colleccionei algo? Por que creo que é importante para min? Que significado lle dou?

Despois poñerase en común. Para o facer máis interesante e divertido, cada alumno/a daralle pistas ao resto respecto do seu obxecto fetiche (se o tivese), e o resto terá que adiviñar de que se trata.

Por último, farase un pequeno coloquio-reflexión nun grupo grande para tirar conclusións respecto dos motivadores, os límites e as consecuencias do fetichismo.

Orientacións

É moi probable que os alumnos non cheguen a un grao moi elevado de fetichismo. Basta-rá con que se decatén de que obxectos valoran especialmente na súa vida, independentemente da súa utilidade práctica, e que traten de clarificar por que cren que iso é así.

O profesor/a pode terminar o coloquio, se os alumnos mesmos non chegaron a se decatar, facendo fincapé nas diferenzas de grao respecto do fetichismo, que pode chegar a ser patolóxico.

Unha proposta para completar a actividade podería ser que os alumnos busquen por Internet obxectos fetiche de personaxes famosos, como Eto'ó por exemplo, que ten máis de cincuenta coches de luxo, Antonio Gala, que collecciona caxatos, ou Mark Knof-fler, que collecciona banxos.

ACTIVIDADE 9

(Durante a lectura): **MODIGLIANI**

Obxectivos

- Ampliar os coñecementos sobre a historia da arte dos alumnos.
- Motivar a investigación e a satisfacción da curiosidade relativa a unha información determinada.
- Coñecer un pouco a vida e a obra do pintor Modigliani.
- Aumentar as súas capacidades para a investigación, a organización e a presentación dun material determinado.
- Promover a expresión plástica e o debuxo.
- Promover o traballo en equipo.
- Fomentar a creatividade plástica.

Descrición

17

A partir do capítulo 24 aparece na escena un pequeno cadro feito a lapis de Modigliani, que serviu de anzol para contactar, seguir e espiar a Magdalena Arqué.

A proposta desta actividade consiste en que amplíen os seus coñecementos de arte, ao investigar a vida e a obra deste pintor atormentado de principios do século XX.

En grupos de catro, buscarán en libros de historia da arte, en Internet ou en enciclopedias de arte que poden sacar da biblioteca, a vida, a traxectoria artística do autor, as influencias doutros artistas na súa obra etc., e o día fixado compartirán toda a información co resto da clase.

Paralelamente a este traballo de investigación, pero de forma individual, os alumnos elaborarán nun folio á parte un bosquexo do pequeno cadro que presidía un lugar de honor no salón de Magdalena Arqué.

O día fixado para compartir toda a información expoñerán os seus bosquexos para o resto da clase, de xeito que todos poidan velos e votar o que máis lles guste.

Despois, nun papel continuo, e entre toda a clase, reproducirán a gran tamaño o bosquexo e dispoñerán, para o resto da lectura do libro, do seu propio «non-Modigliani» para a aula.



Orientacións

O obxectivo da actividade consiste en ampliar os seus coñecementos de arte no referido ao autor que aparece na obra, polo que non é preciso que o traballo de investigación e a posterior posta en común sexa moi exhaustiva; abondará con que adquiran unha visión xeral do autor e da súa obra para poder visualizar con máis criterio os momentos nos que aparecen citados o autor e o seu pequeno cadro.

Respecto da segunda parte da proposta, a realización do bosquejo e a posterior ampliación do mesmo nun grupo grande, se o grupo fose moi numeroso, para evitar que se dificulten na súa colaboración para a realización do cadro, o profesor/a podería dividilos en grupos de oito, de seis etc., en función do que considere máis oportuno e, dese xeito, obterían varios «non-Modiglianis» para a aula.

ACTIVIDADE 10

(Despois da lectura): **INVESTIGANDO... MÚSICA**

Obxectivos

- Motivar os alumnos a profundar en detalles informativos que completan e axudan a crear un determinado material.
- Ampliar os coñecementos musicais dos alumnos.
- Motivar o descubrimento de novos estilos e intérpretes.
- Incrementar o seu coñecemento do inglés e do francés e aplicalo á tradución de cancións.
- Fomentar as capacidades dos alumnos para interpretar un texto musical.
- Aumentar as capacidades dos alumnos á hora de relacionar un contido descritivo cunha determinada música.
- Motivar a recreación dramatizada.

Descrición

19

Durante toda a novela, a música ten un papel bastante relevante, pois o autor, en varias ocasións, cita grupos e cancións coma se quixese crear unha banda sonora para a lectura do libro.

A proposta consiste en facer unha relación de todas as cancións que aparecen nomeadas no libro que leron (o profesor pódellela proporcionar ou advertilos, ao principio da lectura do libro, de que vaian anotando nun papel todas as cancións e os seus intérpretes, a medida que as vaian lendo, para o usar posteriormente) e conseguilas.

Cando a aula dispoña de todas as cancións, dividiranse os alumnos en grupos de tres ou catro (hai oito cancións citadas en total) e a cada grupo asignaráselle unha canción. escoitarana, traducirana, terán en conta aspectos tales como o ritmo, a melodía, o tipo de letra etc., e relacionarana co momento do libro no que aparece.

Por último, tratarán de inferir por que o autor quixo resaltar ese momento con esa canción.

O día fixado, por orde de aparición, os membros de cada grupo recrearán o capítulo e poñerán a banda sonora correspondente.

Orientacións

O obxectivo desta proposta é ampliar os seus coñecementos musicais e animalos a investigar as citas (musicais, literarias, artísticas etc.) que len nos libros, pois forman parte do contexto da novela.

O profesor/a pode conducilos á reflexión respecto da adaptación cinematográfica da novela, ao dispoñer da banda sonora que suxire o autor nas súas páxinas, e mesmo pode promover a escenificación dos capítulos nos que aparecen citadas cancións.

A listaxe das cancións e os seus capítulos correspondentes son:

CAPTÍTULO 9.

- Coldplay. “Lovers in Japan”.
- Coldplay. “Reign of love”.

CAPÍTULO 13.

- Jack Johnson. “Good people”.

CAPÍTULO 16.

- Carla Bruni. “Comme si de rien n’était”.

CAPÍTULO 26.

- Julieta Venegas. “Limón y sal”.

CAPÍTULO 32.

- Iron & Wine. “Innocent Jones”.
- Facto Delafe & Las Flores Azules. “Enero en la playa”.
- The Cabriolets. “Let me talk to you”.

ACTIVIDADE 11

(Despois da lectura): **DIARIO DUN PSICÓPATA**

Obxectivos

- Aumentar a conciencia dos alumnos respecto da complexidade á hora de valorar e xulgar o comportamento alleo.
- Incrementar a capacidade para a introspección e a toma de conciencia da propia postura ao redor de determinadas actitudes e valores.
- Fomentar a análise filosófica e a práctica da dúbida metódica sobre determinados conceptos filosóficos.
- Fomentar a expresión oral das propias opinións.
- Fomentar a escoita activa.
- Valorar a empatía.

Descrición

A proposta consiste en profundar un pouco máis nos contidos do diario de Parker, para analizalos con máis detemento e adquirir conciencia dos seus valores, das súas crenzas e do seu estilo de vida, co obxecto de aumentar a conciencia dos alumnos, respecto da complexidade de xulgar e de valorar o comportamento alleo, así como co obxecto de que tomen unha postura sobre algúns dos contidos do diario, como o azar e o seu control, a asunción de riscos, a confianza nos demais, a traizón, a morte etc.

Para iso, os alumnos dividiranse en parellas (hai quince fragmentos de diario) e analizarán os contidos do fragmento que lles corresponda, por libre elección ou ao azar. Elaborarán unha pequena exposición oral comentando o que expresa o asasino, así como unha valoración persoal sobre el.

No día fixado compartirán todos os fragmentos traballados e poñerán en común as súas opinións, as súas impresións e as valoracións persoais, e someteranas a debate na aula.



Orientacións

Para un bo aproveitamento desta actividade, resultará especialmente importante que o profesor/a modere e oriente o debate, dado que os conceptos que se desprenden do diario do asasino son enormemente complexos, abstractos e existenciais, atenden a unha filosofía de vida moi particular e non deben ser reducidos na súa complexidade. Por iso, o profesor/a animaraos a reflexionar e a aplicar a dúbida metódica, máis que a adoptar posturas impulsivas e a tomar partidismos prematuros.

O obxectivo non será tanto extraer unhas conclusións iguais para todos, como promover a reflexión e o cuestionamento filosófico como actitude.

ACTIVIDADE 12

(Despois da lectura): **O PARTIDAZO**

Obxectivos

- Fomentar a práctica do baloncesto.
- Educar para a saúde e a calidade de vida.
- Fomentar o traballo en equipo e o compañeirismo.
- Fomentar a competitividade respectuosa e deportiva.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Aumentar a capacidade creativa no deseño dun uniforme deportivo, un escudo e unha mascota deportiva.
- Promover a actitude de axuda entre iguais.

Descrición

Esta proposta lúdica estriba en xogar un partido de baloncesto imitando o Joventut de Badalona e o Dynamo de Moscova ao principio da novela.

O primeiro será dividir a clase en dous equipos.

Cada equipo pensará nun nome, deseñará un escudo que lle guste, elixirá unha mascota e o seu uniforme.

Tras unha semana de prácticas de xogo e adestramentos, o día fixado xogarán o partido, tras presentar os seus respectivos escudos e mascotas.

O equipo gañador terá o privilexio de manter o escudo nun lugar visible da aula, así como a súa mascota, durante o resto do curso.

Orientacións

Esta actividade pode realizarse en consonancia cos profesores de plástica e de educación física, para un maior aproveitamento do proceso.

É posible que algúns alumnos xoguen habitualmente ao baloncesto, polo que deberá ser o profesor/a quen divida a clase de xeito que queden grupos equiparados nos coñe-



cementos e na destreza que teñan no baloncesto. Ademais, podería resultar moi motivador que os adestramentos sexan guiados polos alumnos que dominan este deporte, aínda que estean supervisados polo responsable de educación física.

Se se considera axeitado, este partidazo podería formar parte da «Semana cultural», «O día do deporte» ou calquera outra data marcada polo centro, para que asistisen como espectadores alumnos doutros cursos ou clases.